



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia no acto inaugural do XI Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AEIG)

Teatro Castelao, Buenos Aires, 06-04-2015 // 09,00 h.

Ministro consejero de la Embajada de España en la República Argentina,
Consejero de Educación,
Secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia,
Delegado da Xunta de Galicia en Buenos Aires,
Presidenta da Asociación Internacional de Estudos Galegos,
Señoras e señores:

Bos días a todos e a todas e moitas grazas a Débora Campos e á Asociación Internacional de Estudos Galegos por terme convidado a participar na inauguración desde XI Congreso desta Asociación prestixiosa e prestixiada polo traballo cotiá dos seus integrantes.

Para quen lles fala, e para o Parlamento de Galicia, ao que teño a honra de representar, constitúe un auténtico privilexio poder acompañalos neste acto, non só pola traxectoria da Asociación Internacional de Estudos Galegos, senón tamén polo feito de que o Congreso de celebre en Buenos Aires, cidade de tan longa e intensa significación para todos os galegos.

Porque, e vostedes o saben mellor ca min, Buenos Aires ten sido durante moitos anos a capital cultural e intelectual de Galicia.

Atrévome a dicir que a práctica totalidade das personalidades con nome propio na cultura galega do último século ou viviron ou estiveron en Buenos Aires nalgún momento das súas vidas.

Desde Luis Seoane a Castelao, desde Otero Pedrayo a Eduardo Blanco-Amor, desde Díaz Pardo a Paz Andrade, desde Laxeiro a Maruja Mallo, e tantos outros homes e mulleres, recibiron en Buenos



Aires o alento e as oportunidades que a terra nai lles regateaba durante os anos escuros.

“Profesores, ensayistas, poetas, mantienen muy altas llamas en América con alimento de sus vidas”, dixo Otero Pedrayo

Todos e todas trouxeron consigo a fala, pero tamén a saudade e a morriña, que os acompañarían durante toda a vida, por longa e satisfactoria que esta fose.

Galicia e o sentimento galego permanentemente presentes na Galicia universal a través dos galegos que estades aquí, de todos os galegos do exterior, como acredita tamén este Teatro Castelao que nos acolle.

Aventuro que os galeguistas históricos que tanto arelaron e loitaron pola dignificación de Galicia se congratularían hoxe ao comprobar que, décadas despois, a democracia parlamentaria que entre todos fomos quen de edificar e consolidar en España permitiu que a nosa Comunidade se dotase institucións propias de autogoberno.

Aquela xeración de valentes na defensa da cultura galega sentiríase orgullosa tamén, estou segura, ao ver que todo o seu esforzo deu os froitos agardados e tanto na Galicia territorial, como na Galicia universal, dispoñen dunha ampla nómina de herdeiros, entre os cales ocupan un lugar destacado galicianistas como vostedes, que desde hoxe se dan cita en Buenos Aires.

Uns levan Galicia nos seus xenes, a outros podemos consideralos galegos de adopción. Todos levan a Galicia no corazón e na mente e a ela, a través do estudo e difusión da lingua, a literatura, a historia e outras disciplinas ás que dedican os seus esforzos, principalmente no ámbito académico.

Ser galego é unha maneira de estar no mundo. Supoño que hoxe en Buenos Aires moitos de vostedes ao abeiro deste Congreso, poderán, con toda a razón, retrucar e decir que ser galego é falar a lingua de noso, vivir en Galicia, levar a cultura e a lingua galega



polo mundo adiante, escribir en galego, investigar sobre Galicia dende calquera recuncho do planeta.

E todos terán razón, pois falar, escribir, investigar, actuar... poden levar un adxectivo "en galego" que o vai diferenciar, para ben, cun engadido enriquecedor do que todos vostedes son un exemplo a seguir.

Parabéns a todos e todas polo seu labor que, poden estar seguros, conta co recoñecemento e a admiración de Galicia enteira.

Moitas grazas.